

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

C U R S O 2 0 1 9 - 2 0 2 0

C P I A S M I R A N D A S

DEPARTAMENTO: CULTURA CLÁSICA

DATA: 7.05.2020

# ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Información e publicidade.**



## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

### Criterio de avaliación

#### CONTIDOS MÍNIMOS:

##### 1ª Avaliación

- A clasificación das linguas.
- Os alfabetos.
- Léxico básico grecolatino.
- A relixión grega e a relixión romana.
- Os deuses e heroes da mitoloxía clásica.
- Educación e elementos relacionados coa infancia na época.

##### 2ª Avaliación

- A sociedade grecorromana no mundo feminino, ritos, leis, papel da muller na época, vestimenta..).
- A sociedade grecorromana no mundo masculino.
- Historia de Grecia e Roma, a polis.

##### 3ª Avaliación

- As principais guerras no mundo clásico.
- O arte( o templo, escultura, mosaicos)
- Como xurde a cidade, como é unha casa
- Identificar algúns espectáculos e edificios destinados a eses espectáculos.



## Estándar de aprendizaxe

- a) Asumir responsablemente nos seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**Competencias sociais e cívicas.Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.**

- c) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**Comunicación lingüística. Competencia dixital. Aprender a aprender y competencias sociais e cívicas.**

- d) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.Aprender a aprender.**

- e) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**Comunicación lingüística.Conciencia e expresións culturais.Competencias sociais e cívicas.Aprender a aprender.**



f) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.**

f) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**Conciencia e expresións culturais. Comunicación lingüística. Competencias sociais e cívicas.**

g) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Competencias sociais e cívicas.**

h) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.**



i) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.**

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### Avaliación

Procedementos e Instrumentos:

Durante a **primeira e segunda** avaliación:

- Traballo e observación do comportamento diario do alumno, participación e interés.
- Traballos periódicos do alumnado realizados individualmente o en grupo. Estes traballos se avaliaron e calificaron seguindo as instrucciónes dadas aos alumnos. .
- Normalmente se avaliará por traballos periódicos. Se os traballos son entregados serán avaliados e calificados seguindo as instrucións dadas aos alumnos, e só se farán exames escritos, se non se dá a circunstancia anterior.
- Exposicións orais dalgúns traballos acompañados de medios dixitais que eles precisen.

Neste **tercer trimestre**, os instrumentos que se están utilizando son traballos semanas ou quincenais relacionados coa materia impartida na primeira e



	<p>segunda avaliación. Estes traballos están relacionados coa etimoloxía, mitoloxía, ou o marco histórico social das civilizacións gregas e romanas.</p> <p>Os alumnos irán presentando estes traballos na fecha establecida e serán calificados sobre dez cada un deles.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>No caso dos alumnos que teñan aprobada as dúas primeiras avaliacións ou que a media aritmética das notas das dúas avaliacións sexa igual o maior a 5, poderán sumar ata 3 puntos máis como resultado da media aritmética dos traballos realizados nesta terceira avaliación para obter a máxima nota. Só hai un alumno que no acada o 5 na nota covid, pero tamén pode sumar eses tres puntos para acadarlo, quedando da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- <b>50% a nota da primeira avaliación.</b></li><li>- <b>50% a nota da segunda avaliación.</b></li><li>- Da suma de estas dúas obtemos a <b>nota COVID.</b></li><li>- A esta nota COVID se lle poden sumar ata 3 puntos como resultado da media aritmética dos traballos presentados ata o 20 de xuño.-</li></ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Na proba de setembro, o alumnado avaliarase dos contidos vistos no <u>primeiro e segundo trimestre, e dicir, ata o 12 de marzo.</u></li></ul>



<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Non hai ningún alumno coa materia pendente porque esta materia é o primeiro ano que se cursa.</p>
--	--

<b>3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
<b>PROFESORADO</b>	<p>Os procedementos que o profesorado empregará para informar sobre os criterios serán:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aos alumnos a través do correo @cpiares.</li><li>- Aos pais por Abalar.</li></ul>
<b>CENTRO</b>	<p>Publicación na páxina web do colexio e por Abalar</p>